

## MOBILIZACIÓNS EN DEFENSA DA CIENCIA EN ESPAÑA!

A investigación e a innovación son cruciais para o desenvolvemento e o benestar da sociedade, especialmente en tempos de crise. Nestes momentos estase demostrando que a suposta prosperidade que daba o ladrillo non era senón pan para hoxe e fame para mañán, e a economía española segue inmersa na crise da que saíron xa varios países veciños, que optaron por un modelo económico máis sólido.

Nste contexto de crise, tras una década de compracencia, empezouse a falar con urxencia da necesidade dun cambio de modelo en pos dunha economía sostible. Sen embargo, observamos, alarmados e con desazón, que o investimento en investigación e desenvolvemento é o primeiro "dano colateral" nas finanzas do Estado, a pesar de que só dedicamos a Investigación+Desenvolvemento+innovación (I+D+i) o 1'35% do PIB<sup>1</sup>, fronte ao 2% que se marcou o PSOE como obxectivo para o ano 2010<sup>2</sup> ou o 3% que fixa como meta a Axenda de Lisboa e o Obxectivo de Barcelona<sup>3,4,5</sup>, cifra que xa é notablemente inferior ao investimento actual dos nosos veciños do norte de Europa<sup>6</sup>.

O dano non se limita ao Goberno central e os seus orzamentos, pois a gran maioría das Comunidades Autónomas tamén recortou os recursos destinados a investigación ou a universidades, nalgúns casos nunha porcentaxe moi elevada. Un colectivo moi afectado por este recorte será o dos aspirantes a entrar na carreira investigadora e, especialmente, o dos científicos con contrato temporal, que verán en moitos casos como este non se renova, logo de todos os seus anos de traballo, durante un proceso de formación e perfeccionamento continuo financiado en gran parte polo Estado, que desaproveita así o seu investimento.

O sector científico foi totalmente marxinado das medidas anticrise, cando un Plan-E<sup>7</sup> consagrado á Investigación e ás infraestruturas científicas podería cumprir os mesmos obxectivos que o efectivamente realizado e supor un salto cualitativo aproveitable en anos posteriores, a diferenza de moitas das obras que foron financiadas polo Goberno central. Do mesmo xeito, o aumento do paro debería impulsar un programa nacional urxente de formación de investigadores e técnicos e de reciclaxe de traballadores de sectores excedentes; ademais, tería sido un excelente momento para impulsar as actividades de I+D+i no sector privado, especialmente nas PEMES, as máis afectadas pola crise. Oportunidades para conxuntar estímulo e avance da ciencia e a tecnoloxía non faltan.

Así, en lugar de esforzarse por obter recursos e idear medidas de estímulo ao I+D+i, este foi o principal sufridor da "austeridade", o que implicará, necesariamente, que non se poidan cumprir moitas metas. Por detrás de algo que pode soar tan abstracto como sistema de I+D+i, escóndense cousas tan concretas como a investigación do cambio climático, o descubrimento de novos medicamentos, a optimización enerxética e o desenvolvemento de fontes de enerxía alternativas, a loita contra o cancro, etc. O recorte financeiro implicará necesariamente un atraso nestas e outras investigacións.

Esta ameaza conxuntural, moi preocupante por si soa, vese agravada en gran medida porque o sistema científico español adoece dunha serie de males estruturais, endémicos, que, no mellor dos casos, son parcheados dun modo deficiente. Entre estes, podemos sinalar:

1. Cambio continuo dos responsables burocráticos e das estruturas de xestión da investigación.
2. Falta dun calendario fixo de convocatorias dos diversos programas de axudas a grupos e proxectos de investigación, e atrasos burocráticos na súa concesión.
3. Ausencia de continuidade e estabilidade nos programas de Recursos Humanos, con continuos cambios nas datas das convocatorias e reiteradas dilacións na resolución.
4. Arbitrariedade e falta de planificación nos sistemas de selección, promoción e estabilización, que implican a carencia dunha política de RRHH sólida, competitiva e cun proxecto a longo prazo.
5. Paralización da nova Lei da Ciencia e de diversas iniciativas lexislativas (EPDI<sup>8</sup>, PL-A<sup>9</sup>, PL-FJI<sup>10</sup>), necesarias para a regulación das figuras das diversas carreiras do sistema científico (xestora, docente, técnica e investigadora).

A comunidade científica expresou o seu máis firme rexeitamento ante unha situación que é insostible. Cremos que é necesario mostrar o noso malestar por esta situación e que é hora de saír á rúa e transmitir unha mensaxe clara, directa e contundente ao Goberno central, aos diferentes gobernos autonómicos e a toda a sociedade española.

- Esiximos unha aposta clara e decidida por unha sociedade baseada na investigación e o desenvolvemento como piares de futuro, mediante un Pacto de Estado pola Ciencia e a Investigación. Esiximos un compromiso real, escrito e a longo prazo dos partidos políticos, con participación dos diferentes axentes sociais implicados e das Comunidades Autónomas, para dotar de estabilidade e proxección ao sistema científico español.

- Esiximos un incremento real (non baseado en créditos reembolsables) dos recursos públicos e privados no sector de I+D+i, de modo que no prazo máis curto posible se iguale a media europea en % de PIB e que se supere esa cifra nun prazo non superior a dez anos, de forma que a economía española se converta nun motor sólido e estable, á altura das potencias máis desenvolvidas. Así mesmo, hanse de avaliar e revisar, de acordo cos resultados ou as políticas estratéxicas, as subvencións públicas ao sector privado de I+D+i.

- Esiximos o deseño dunha carreira investigadora baseada na planificación racional das etapas e na profesionalización digna dos diferentes estamentos do sistema científico, e que vaia acompañada dunha política de recursos humanos rigorosa e coherente que favoreza a estabilización dos investigadores que superen as

avaliacións oportunas e a promoción do persoal debidamente examinado e acreditado.

Por todo isto, as diferentes asociacións, sociedades, sindicatos, grupos e investigadores abaixo asinantes cremos que é o momento de que toda a comunidade científica (xestores, docentes, técnicos e científicos) e a sociedade en xeral se unan nunha gran mobilización para lanzar unha forte mensaxe ao goberno estatal e aos gobernos autonómicos: é necesario que todos xuntos apostemos clara e decididamente pola ciencia e a innovación neste país.

## **SAIAMOS TODOS Á RÚA EN MADRID O DÍA 6 DE MARZO DE 2009 PARA FACER CHEGAR ESTA MENSAXE**

Plataforma por la Investigación  
Asociación para el Avance de la Ciencia y la Tecnología en España  
Federación de Jóvenes Investigadores  
Asociación Nacional de Investigadores Ramón y Cajal  
Asociación de Investigadores Juan de la Cierva  
Asociación de Investigadores Parga Pondal

---

<sup>1</sup> <http://www.ine.es/prensa/np575.pdf>

<sup>2</sup> [www.psoe.es/download.do?id=37214](http://www.psoe.es/download.do?id=37214) (páxina 167)

<sup>3</sup> [http://www.europarl.europa.eu/summits/lis1\\_es.htm](http://www.europarl.europa.eu/summits/lis1_es.htm)

<sup>4</sup> [http://cordis.europa.eu/era/3percent\\_en.html](http://cordis.europa.eu/era/3percent_en.html)

<sup>5</sup> <http://europa.eu/rapid/pressReleasesAction.do?reference=IP/02/122&format=HTML&aged=1&language=EN&guiLanguage=en>

<sup>6</sup> [http://epp.eurostat.ec.europa.eu/statistics\\_explained/index.php/R\\_&\\_D\\_expenditure](http://epp.eurostat.ec.europa.eu/statistics_explained/index.php/R_&_D_expenditure)

<sup>7</sup> <http://www.plane.gob.es/que-es-el-plan-e/>

<sup>8</sup> <http://www.precarios.org/EPDI-Estatuto+del+Personal+Docente+e+Investigador>

<sup>9</sup> <http://www.precarios.org/Proposicion+de+Ley+Andalucia>

<sup>10</sup> <http://www.precarios.org/Proposici%C3%B3n+de+Ley+FJI>